

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 28/11/2019 8:32:59  
**SAIDA** 12845/19



Reclamante [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 147/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 14 de outubro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro** [REDACTED] presentaron, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 14 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de revisión, acceso á documentación, e suspensión do procedemento selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de técnico/a superior de edificacións e obras, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, técnico superior, grupo A-subgrupo A1, quenda libre, correspondente á oferta de emprego público do ano 2018 da Deputación de Lugo

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada á Deputación Provincial de Lugo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra as resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información pública poderá interporse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, que terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa. O procedemento para a tramitación da reclamación será o establecido nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación se axustará ao establecido en materia de recursos pola normativa de procedemento administrativo vixente.

No presente caso, os reclamantes participaron nun procedemento selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición un posto de persoal convocado pola Deputación Provincial de Lugo, e contra a resolución do tribunal do 31 de xullo de 2019, na súa condición de interesados no procedemento, presentaron unha reclamación na que solicitan a revisión e motivación das cualificacións asinadas a cada opositor, acceso ao expediente, que non se destrúa a documentación que integra o expediente, o acceso á documentación, e suspensión do proceso selectivo.

Trátase por tanto dun expediente no que os reclamantes participan para a obtención dun posto na Deputación Provincial, no que actúan na súa condición de interesados e no que

cuestiona mediante a presentación dunha reclamación, as cualificacións asinadas polo tribunal nomeado para vulgar o proceso selectivo.

Non se trata por tanto dunha solicitude de acceso á información pública coa que o interesado estea descontento, senón dun procedemento específico de cobertura dun posto de traballo no que os reclamantes, que teñen a condición de participantes no mesmo e por tanto interesados, cuestionan as cualificacións outorgadas.

A reclamación por tanto non pode ser admitida por porque a reclamación non se dirixe contra unha resolución en materia de acceso á información pública, senón contra unha resolución pola que se cualifica aos aspirantes nun procedemento selectivo, que debe rexerse pola súa propia normativa.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por ██████████ con data 14 de outubro de 2019, contra a Reclamación contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de revisión, acceso á documentación, e suspensión do procedemento selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha praza de técnico/a superior de edificacións e obras, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, técnico superior, grupo A-subgrupo A1, quenda libre, correspondente á oferta de emprego público do ano 2018 da Deputación de Lugo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F      Firmado digitalmente  
                         por 76706870F MARIA  
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
S6500009C)      Fecha: 2019.11.27  
                         11:33:00 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**